

Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

NOTA DE PRENSA

O 93,1% dos galegos de 16 ou máis anos manifesta estar preocupado polo medio ambiente e un 19,1% participar en actividades relacionadas

O IGE publica os resultados da Enquisa Social 2008 que ten como obxectivo investigar a relación dos fogares co medio ambiente: hábitos, pautas de consumo e actitudes, así como estudar o equipamento das vivendas e o uso que fan do mesmo e a relación cos diferentes aspectos do medio ambiente.

Esta enquisa é o resultado dun proxecto desenvolvido de modo conxunto entre o INE e os institutos de estatística das comunidades autónomas de Cataluña, Galicia, País Vasco e Navarra.

Conciencia ambiental

Segundo a Enquisa Social 2008 o 93,1% dos galegos de 16 ou máis anos está preocupado polo medio ambiente mentres que a porcentaxe dos que manifestan estar moi preocupados sitúase no 69,0%. Durante o ano 2007 o 50,6% tiveron coñecemento dalgunha campaña de sensibilización relativa á protección do medio (auga, enerxía, reciclaxe, ...) e o 35,4% detectou no seu entorno algún problema medioambiental. Porén, a porcentaxe de galegos de 16 ou máis anos que durante este ano participou nalgunha actividade relacionada co medio ambiente foi do 18,4%.

Poboación de 16 ou máis anos preocupada polo medio ambiente e participación en actividades relacionadas co medio ambiente segundo o sexo e a idade. Galicia e España. Ano 2008

Porcentaxes

	Preocupadas polo medio		Tiveron coñecemento dalgunha campaña	Detectaron algún problema relacionado co medio	Participaron nalgunha actividade
	Total	Moi preocupadas			
Galicia	93,1	69,0	50,6	35,4	18,4
Homes	91,7	65,3	51,7	35,8	17,6
Mulleres	94,3	72,4	49,5	35,0	19,1
De menos de 45 anos	96,0	76,0	60,1	43,4	24,0
De 45 a 64 anos	92,6	69,7	48,7	34,0	18,2
De 65 ou máis anos	88,2	54,9	34,5	21,6	7,8
España	95,1	76,9	59,2	27,9	19,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

Nota: a data de referencia dos datos é o ano 2008 para a porcentaxe de persoas de 16 ou máis anos preocupadas ou moi preocupadas polo medio, e o 2007 para as que tiveron coñecemento dalgunha campaña, detectaron algún problema relacionado co medio e para as que participaron nalgunha actividade. Os datos de España son provisionais.

Para o conxunto de España a porcentaxe de poboación de 16 ou máis anos preocupada polo medio ambiente é dous puntos superior á de Galicia e sitúase no 95,1%. O 59,2% dos españois tiveron coñecemento dalgunha campaña (8,6 puntos máis que en Galicia) e o 19,1% participou nalgunha actividade relacionada co medio ambiente (0,7 puntos máis que en Galicia).

Medidas de aforro enerxético e de auga nas vivendas

No 93,6% das vivendas familiares principais de Galicia os seus membros teñen hábitos para reducir o consumo de auga. Por exemplo, no 77,9% das vivendas esperan a que estean cheos o lavalouza e a lavadora para poñelos en marcha. Ademais, o 50,9% das vivendas contan con polo menos un dispositivo para reducir o consumo de auga.

No tocante ás medidas de aforro enerxético, o 97,2% das vivendas principais galegas conta con algún tipo de illamento térmico (toldo, persiana ou contraventá, cristais tintados ou protectores solares, dobre cristal ou rotura de ponte térmico) e o 81,9% con algún tipo de luz de baixo consumo.

Vivendas familiares principais con dispositivos para o aforro de auga e o aforro enerxético segundo o tamaño do municipio ao que pertence a vivenda. Galicia e España. Ano 2008

Porcentaxes

	Con polo menos un dispositivo para o aforro de auga	Con algún tipo de illamento térmico	Con algún tipo de luz de baixo consumo
Galicia	50,9	97,2	81,9
Capitais de provincia e concellos de máis de 100.000 habitantes	69,5	99,3	85,7
De 50.000 a 100.000 habitantes	56,9	96,5	89,6
De 20.000 a 50.000 habitantes	48,5	96,7	79,6
De 10.000 a 20.000 habitantes	38,4	97,8	75,2
Menos de 10.000 habitantes	39,1	95,3	81,4
España	73,1	96,2	85,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

Nota: Os datos de España son provisionais.

Xunto coa enerxía eléctrica o 64,0% das vivendas utiliza como fonte de enerxía gases licuados do petróleo / bombona de gas, o 29,1% a madeira, o 28,2% combustibles líquidos (gasóleo, ...) e o 18,3% gas canalizado.

Para España, a porcentaxe de fogares que utilizan gases licuados do petróleo como fonte de enerxía é do 42,1%, case 22 puntos inferior ao conxunto de Galicia. Non obstante, a porcentaxe de vivendas que dispoñen de gas canalizado é do 40,5%.

Por outra banda, o 59,9% das vivendas principais galegas conta con algún sistema de calefacción. O sistema máis habitual é a calefacción por gasóleo (unha de cada catro vivendas) seguida da calefacción de gas (17,0%) e da calefacción eléctrica (14,8%).

Vivendas familiares principais segundo o tipo de enerxía utilizada e o tamaño do municipio ao que pertence. Galicia e España. Ano 2008

Porcentaxes

	Enerxía eléctrica	Gas canalizado	Gases licuados do petróleo/ Bombona de gas	Madeira	Combustible líquido	Outra fonte
Galicia	100,0	18,3	64,0	29,1	28,2	1,0
Capitais de provincia e concellos de máis de 100.000 habitantes	100,0	27,9	46,0	3,5	29,5	*
De 50.000 a 100.000 habitantes	100,0	39,2	55,8	16,2	14,5	*
De 20.000 a 50.000 habitantes	100,0	23,7	56,1	25,1	23,4	*
De 10.000 a 20.000 habitantes	100,0	11,4	70,1	29,2	29,8	*
Menos de 10.000 habitantes	100,0	6,0	83,8	58,7	31,0	*
España	100,0	40,5	42,1	6,7	12,5	8,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

Nota: Os datos de España son provisionais.

* Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

Residuos

No 95,1% das vivendas principais galegas os seus residentes depositan algún tipo de residuo nos puntos específicos de recollida. Para os residuos cotiáns, esta porcentaxe sitúase no 79,3%. Por tipo de residuo, no 68,5% das vivendas depositáanse residuos orgánicos, o 58,6% recicla papel e cartón, o 60,9% vidro e o 58,8% envases (de plástico, metálicos, ...).

No tocante ao resto de residuos, no 69,9% das vivendas os seus membros depositan os medicamentos nos puntos específicos de recollida e o 67,7% fai o mesmo coas pilas e as pequenas baterías.

Vivendas familiares principais nas que os residentes depositan os residuos nos puntos específicos de recollida segundo o tamaño do municipio. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Algún tipo de residuo	Deposita algún dos residuos cotiás				
		Total	Residuos orgánicos	Papel e cartón	Vidrio	Envases
Galicia	95,1	79,3	68,5	58,6	60,9	58,8
Capitais de provincia e concellos de máis de 100.000 habitantes	99,8	88,5	81,4	72,1	71,9	59,1
De 50.000 a 100.000 habitantes	95,7	80,5	67,4	68,6	67,5	66,4
De 20.000 a 50.000 habitantes	94,9	82,1	63,6	58,7	61,7	56,9
De 10.000 a 20.000 habitantes	94,2	72,7	59,5	57,4	57,6	61,3
Menos de 10.000 habitantes	91,0	72,2	62,8	44,0	50,2	56,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

Ruído e malos olores

En 2007 o 18,6% das vivendas familiares principais galegas tiveron problemas de ruído, 6,5 puntos menos que en España. Para o conxunto de Galicia, a causa máis habitual é o tráfico terrestre, problema que afecta ao 7,9% das vivendas, seguido dos ruídos mecánicos (5,4%) e dos causados polos veciños (5,3%). Por outra banda, o 3,2% das vivendas teñen problemas de ruído orixinados polo ocio.

En España, a causa máis habitual dos problemas de ruído tamén é o tráfico terrestre, que afecta ao 11,7% das vivendas familiares principais. O 8,9% manifesta sufrir ruídos causados polos veciños e o 7,3% ruídos mecánicos.

No tocante aos problemas de malos olores os residentes do 18,7% das vivendas familiares galegas manifestaron sufrir ao longo de 2007 este tipo de problema no seu entorno habitual. Para España esta porcentaxe sube ata o 20,3%.

Vivendas familiares principais nas que os seus residentes sufriron problemas de ruído ou de malos olores. Galicia e España. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	España
Problemas de ruído	18,6	25,1
Tráfico terrestre	7,9	11,7
Mecánico	5,4	7,3
Dos veciños	5,3	8,9
Ocio	3,2	3,5
De orixe animal	2,5	2,8
Problemas de malos olores	18,7	20,3
Tuberías	6,6	11,6
Explotacións agrarias	5,2	2,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente


Nota: Os datos de España son provisionais.

Transporte e mobilidade

O 77,6% das vivendas galegas conta con algún vehículo de motor para uso persoal: o 43,1% conta con un único vehículo, o 26,4% con 2 vehículos e o 8,2% restante con 3 ou máis vehículos. O número medio de vehículos por vivenda é 1,6. Para o conxunto do territorio nacional a porcentaxe de vivendas que conta con polo menos un vehículo de motor para uso persoal baixa ata o 74,7%, aínda que o número medio de vehículos por vivenda acada o mesmo valor que para Galicia.

Vivendas nas que os seus residentes dispoñen dalgún vehículo para uso persoal segundo o número de vehículos. Ano 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

O transporte privado (coche ou motocicleta) é o medio utilizado principalmente polo 60% dos galegos de 16 ou máis anos nos seus desprazamentos. O 18,8% utiliza principalmente o transporte público e o 21,1% restante outro tipo (bicicleta, vai a pé ou non se despraza). En España o transporte público é utilizado polo 21,7% das persoas de 16 ou máis anos, case 3 puntos máis que en Galicia.

Persoas de 16 ou máis anos segundo o medio de transporte principalmente utilizado. Galicia e España. Ano 2008

Porcentaxes

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Transporte público (total)	21,7	18,8	20,8	8,7	22,8	18,9
Autobús	14,7	16,6	18,7	5,7	19,4	17,1
Transporte privado (coche ou motocicleta)	45,3	60,0	64,3	70,0	44,1	56,7
Coche	43,2	59,1	63,2	70,0	42,4	56,0
Outros (bicicleta, a pé ou non se despraza)	33,0	21,1	14,9	21,3	33,1	24,4
A pé	30,3	19,3	14,1	17,2	32,4	21,9

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente

Nota: Os datos de España son provisionais.

Para Galicia, entre a poboación que se despraza en transporte público, as principais motivacións son non dispor de vehículo (48,9%), ser máis cómodo ou causar menos tensión (33,3%) e non dispor de permiso de condución (27,3%).

Pola súa banda, o 79,7% das persoas que habitualmente van camiñando ou en bicicleta fano por proximidade, o 42% por facer exercicio ou por motivos de saúde e o 28,9% ten outros motivos (por entretemento, custo, por non haber outro transporte, ...).



Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_enquisasocial_2008_gl.pdf

Para más información:

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>